

■ SESIÓN INAUGURAL:

D. Senén Barro Ameneiro

Reitor da Universidade de Santiago

D. Emilio Pérez Touriño

Presidente da Xunta de Galicia

D. Xosé Sánchez Bugallo

Alcalde de Santiago de Compostela

Dna. Ánxela Bugallo Rodríguez

Conselleira de Cultura e Deporte

Dr. Enrique Bustamante Ramírez

Asociación Española de Investigación de la Comunicación (AE-IC)

Dra. Margarita Ledo Andión

Presidenta da Comisión Organizadora e de AGACOM



O presidente de Galicia, Emilio Pérez Touriño, iniciou o seu discurso facendo fincapé nos cambios que experimentou o sector da comunicación a raíz da incorporación das tecnoloxías dixitais. "Os medios tradicionais non

só tiveron que mudar as súas infraestruturas tecnolóxicas, senón que deberon mudar as súas estratexias para acomodalas ao novo contexto. Paralelamente, irromperon no escenario da comunicación novos actores e xurdiu un fenómeno aínda máis singular: os cidadáns aproveitaron as novas ferramentas para producir información e transmitila sen intermediarios", explicou o presidente.

Ao longo da súa intervención, Touriño foi debullando as grandes transformacións que están a traer da man as chamadas Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) a nivel social, económico e educativo e a intención do Goberno galego de apostar pola educación, a innovación e a investigación.



Respecto do entorno social, Pérez Touriño destacou “a facilidade de uso das novas tecnoloxías, xunto coa facilidade de acceso a un inxente volume de información con custos asumibles”, un novo horizonte de participación social que se abre para os cidadáns.

En canto ó eido económico, o presidente galego subliñou que “a revolución dixital é tamén unha das chaves de acceso a unha economía baseada no coñecemento e nos procesos de innovación para mellorar a competitividade. Este feito afecta ao conxunto da sociedade e, de forma específica, á industria da comunicación, que cobra especial relevancia neste novo marco”.

Na esfera formativa, o obxectivo que o goberno galego está a perseguir é, segundo explicou o presidente, o de alfabetizar dixitalmente ás novas xeracións e capacitalas para que podan aproveitar as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías, avances que xa escomezaron a dar os seus froitos pois se a *ratio* entre o número de alumnos e de ordenadores era de 12 alumnos por ordenador; este ano descendeu á metade, a 6 alumnos por ordenador.

Finalmente, Pérez Touriño fixo referencia ó crecemento dos estudos e da investigación en comunicación e animou os presentes a continuar esa traxectoria de pensamento crítico e de análise do novo contexto social no que nos atopamos. As súas verbas finais foron para felicitar os promotores do Congreso ‘I + C. Investigar a Comunicación’.

A Conselleira de Cultura e Deporte, Ánxela Bugallo, presente tamén na sesión inaugural do Congreso, destacou a pertinencia dos catro eixos temáticos propostos no programa, xa que a comunicación “é o elemento fundamental da construción social” ao ser os cidadáns suxeitos emisores de discursos. Expresou o desexo de que as conclusións e reflexións do Congreso servan para avanzar nos obxectivos dos eixos temáticos.

A intervención do presidente da comisión xestora da Asociación Española de Investigación da Comunicación (AE-IC), Miquel de Moragas, foi lida por un membro da mesma, Enrique Bustamante, quen transmitiu a satisfacción a tódolos presentes pola alta participación neste Congreso, no que foron aceptadas preto de catrocentas ponencias e comunicacións, moitas delas colectivas.

O representante da AE-IC tamén quixo afondar no papel que lle corresponde á investigación en comunicación e explicou que “a investigación independente debe actuar, dalgunha maneira, como defensora do pobo” xa que lle corresponde unha función crítica respecto dos contidos que ofrecen os medios. As funcións sociais da investigación deben encamiñarse a identificar e informar a opinión pública sobre a identidade dos emisores, sobre os fenómenos de concentración e de comercialización que poden afectar a independencia e a calidade das informacións. Na investigación tamén está implícita unha función pedagóxica e educativa, ensinando a usar os medios, a ler os medios, pero tamén a producir comunicación. Todo isto sen que a comunicación se aille, senón implicándose coa produción, aportado pautas de calidade, que lles permitan aos sistemas de comunicacións afrontar os retos dos cambios acelerados que este sector seguirá experimentando nos próximos anos.

Insitiuse en que a responsabilidade dos investigadores consiste, polo tanto, en asumir o compromiso da calidade e o rigor nas investigacións, fomentar a formación de equipos e a cooperación científica, rachar coas rutinas e burocracias académicas pouco creativas, estimular a innovación, respostando sempre ás necesidades e prioridades sociais. De feito, estes son os compromisos da nova asociación.

Para finalizar, dende a AE-IC, lembrouse a longa tarefa de investigación dos que realizaron os primeiros esforzos por “rachar coa pesada tradición autárquica que nos afastou durante tantos anos do progreso das ciencias da comunicación internacionais”.

Pechou o turno de intervencións Margarita Ledo, presidenta da Comisión Organizadora e de AGACOM, quen partiu ao comezo do seu relatorio do celme temático do Congreso, “o real da comunicación”, e a súa articulación a respecto dos catro eixos temáticos propostos: a democracia e a cidadanía, as políticas culturais, os dilemas arredor da construción da sociedade da información e as relacións entre creatividade e produción de contidos.

Tamén tivo palabras para as investigadoras congregadas e evocou a figura de Rosalía de Castro e as súas verbas no proemio da súa obra *La hija del mar*: “*Aínda non lle está permitido ás mulleres escribir o que sinten e o que saben*”, situación de desigualdade que a propia Rosalía foi a primeira en rachar. “Cando se analiza a Rosalía adoitase falar da *emoción do outro* na súa escrita e da relación que acada o senso e o son cando ela labra a lingua –continuou Ledo– unha *emoción do outro* que estará, de certo, en cada sesión deste Congreso”.

